

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

*RESOLUCIÓN do 10 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para a realización de auditorías enerxéticas, implantación de sistemas de xestión, mobilidade alternativa e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industrial e de servizos para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (código IN417Y).*

A sensibilidade especial que para a cidadanía está a ter o uso racional das enerxías e a busca de novas fontes enerxéticas calou de forma importante no enfoque das administracións públicas, que unanimemente están a actuar neste campo prestando o seu apoio ás iniciativas que sobre aforro e eficiencia enerxética ou enerxías renovables se están a desenvolver na actualidade.

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) xa contén na súa lei de creación –Lei 3/1999, do 11 de marzo– unha referencia expresa ao fomento destas actividades, concretada mediante o impulso das iniciativas e programas de aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables; á mellora do aforro e á eficiencia enerxética, ao fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, á óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia. Igualmente prevé a participación na xestión e prestación de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

Para o desenvolvemento dos obxectivos anteriores e na procura de incentivar a transformación da actividade industrial en Galicia cara a unha industria 4.0 que aumente a súa competitividade nun mercado global, o Inega establece este sistema de subvencións, complementario aos creados por outras entidades públicas, relacionados con proxectos que fomenten o aforro e a eficiencia enerxética en empresas do sector industrial e servizos. As actuacións que se desenvolverán enmárcanse dentro da Estratexia enerxética de Galicia 2015-2020 e da Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3), que alude á utilización do aforro e eficiencia enerxética como instrumento para a mellora da competitividade e o fomento do emprego. Estímase que o 90 % do crédito orzamentario se destinará ao sector industrial e o restante 10 % ao sector servizos.



A dotación da presente convocatoria con cargo aos orzamentos do Inega para o ano 2016-2017 ascende a 5.052.533,50 euros de fondos comunitarios derivados do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

Trátase de actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galicia encadradas no eixe 4: prioridade de investimento 4b, obxectivo específico 4.2.1 referido a medidas destinadas ao desenvolvemento de auditorías enerxéticas, implantación de sistemas de xestión e proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector industrial e de servizos. O financiamento da convocatoria correspóndese con fondos comunitarios derivados do Programa Galicia 2014-2020 Feder nun 80 % e co financiamento privado nun 20 %.

Como un dos órganos encargados de desenvolver a política enerxética da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, o Inega considera de máximo interese potenciar as actuacións de mellora do aforro e a eficiencia enerxética, as enerxías renovables e a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores en Galicia.

Por todo o anterior, en virtude do disposto nos artigos 7.1 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

#### RESOLVO:

Aprobar as bases reguladoras da concesión de subvencións a proxectos de aforro e eficiencia enerxética e convocar a todos aqueles interesados en solicitálas en función do establecido nestas bases reguladoras:

##### Artigo 1. *Obxecto e normativa de aplicación*

1. Estas bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións para a realización de auditorías enerxéticas, implantación de sistemas de xestión, mobilidade alternativa e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas do sector industrial e servizos que cumpran cos requisitos e condicións establecidos no articulado desta resolución.

2. O procedemento administrativo para a concesión de subvencións será o de concorrencia competitiva e axustarase ao disposto nas propias bases sen prexuízo do establecido na seguinte normativa de alcance xeral: Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro); Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño); Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG



núm. 20, do 29 de xaneiro); Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro); Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e, Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades delas dependentes (DOG núm. 241, do 17 de decembro).

3. As axudas para a mobilidade alternativa e para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas do sector industrial e de servizos obxecto destas bases están suxeitas ás condicións que se establecen no capítulo I do Regulamento (UE) núm. 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño, polo que se decláran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (Regulamento xeral de exención por categorías) publicado no DOUE L 187, do 26 de xuño de 2014.

A presente convocatoria refírese ás que aparecen definidas dentro da sección 7 do capítulo III como axudas ao investimento destinadas a medidas de eficiencia enerxética (artigo 38).

4. Cando se trate de axudas para a realización de auditorías enerxéticas e implantación de sistemas de xestión, incardínanse no réxime de axudas *de minimis*, establecido no Regulamento (UE) núm. 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea as axudas *de minimis*, no Regulamento (UE) núm. 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola, e no Regulamento (UE) núm. 717/2014, da Comisión, do 27 de xullo, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea as axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

## Artigo 2. Actuacións que se subvencionan

1. Poderán obter dereito á subvención todas aquelas actuacións descritas no artigo 5 destas bases que se executen dentro do territorio da Comunidade Autónoma e o prazo de



execución dos proxectos subvencionables iniciárase unha vez se teña efectuada a solicitude de axuda ante esta entidade e rematará no prazo previsto no artigo 21.

2. O investimento mínimo para que a actuación sexa subvencionable debe ser de 10.000 euros por actuación, salvo no caso das auditorías enerxéticas e mobilidade alternativa cuxo investimento mínimo será de 6.000 €.

3. Cada empresa poderá presentar unha ou máis solicitudes. Cada solicitude recollerá un único proxecto técnico que pode constar dunha soa actuación ou de varias actuacións homoxéneas executadas nunha mesma localización e que se valorarán de xeito conxunto. Por exemplo, considéranse actuacións homoxéneas que deben contemplarse nunha única solicitude as seguintes:

– Todas as actuacións de iluminación que se realicen no centro de traballo.

– A renovación de varios equipamentos para o mesmo fin. Por exemplo, a instalación de dúas caldeiras para proceso aínda que estas non sexan iguais (ademais debe incluírse no mesmo proxecto calquera actuación relacionada que se efectúe na sala de caldeiras, como pode ser a instalación dun economizador ou tanque de revaporizado).

Considéranse actuacións non homoxéneas e que, polo tanto, deben cursarse en solicitudes independentes, a combinación de proxectos independentes, por exemplo, a renovación dun compresor, a renovación dos equipamentos de iluminación, a renovación das caldeiras, a instalación de variadores de frecuencia en motores, unha instalación fotovoltaica,...

4. Cando unha empresa presente máis dunha solicitude, pode evitar o envío reiterativo de documentación administrativa indicando o número de expediente e a documentación xa presentada con anterioridade.

### Artigo 3. *Financiamento*

1. As subvencións que se concedan financiaranse con cargo aos orzamentos do Inega para o exercicio 2016 e imputaranse á aplicación orzamentaria 09.A2.733A.770.0.

CVE-DOG: csr8yht6-sds9-kcl7-ocj8-ibjkwmspg4p1



O crédito máximo segundo a tipoloxía de proxecto e o tipo de solicitante será o seguinte:

| Financiamento-fondos Feder 2014-2020                                       |                 |                 |              |
|----------------------------------------------------------------------------|-----------------|-----------------|--------------|
| Distribución por liña de axuda                                             | Anualidade 2016 | Anualidade 2017 | Total        |
| AE-auditorías enerxéticas                                                  | 89.743,00       | 10.257,00       | 100.000,00   |
| MA-mobilidade con combustibles alternativos                                | 358.972,00      | 41.028,00       | 400.000,00   |
| SX-implantación sistemas de xestión                                        | 89.743,00       | 10.257,00       | 100.000,00   |
| PAE-proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector industrial e ESE | 3.457.375,50    | 395.158,00      | 3.852.533,50 |
| PAE-proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector servizos         | 538.457,00      | 61.543,00       | 600.000,00   |
| Total                                                                      | 4.534.290,50    | 518.243,00      | 5.052.533,50 |

O crédito máximo recollido na táboa anterior poderá ser redistribuído se nalgunha das epígrafes non se rexistran solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles ou a calidade dos proxectos solicitados non alcanza unha puntuación mínima por debaixo da cal a Comisión de Valoración considera inadecuado conceder a subvención.

2. O importe dos fondos previstos entenderase máximo, ben que cabería a posibilidade de ampliar o crédito como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria derivada dalgunha das circunstancias previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, se for o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. Isto podería dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios de valoración fixados no artigo 14 destas bases.

3. De producirse a ampliación de crédito publicarase no DOG e na páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)), sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo para resolver.

#### Artigo 4. *Beneficiarios*

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases:

a) As empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos que teñan domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia, incluídos no sector servizos ou da industria.



Para efectos desta orde considerarase sector servizos as actividades incluídas nas seccións: G, H, I, J, K, L, M, N, O, P, Q, R, S, T ou U do CNAE 2009. Dentro do sector industrial serán subvencionables as empresas incluídas na sección B, C ou D do CNAE-2009, coa excepción da industria extractiva enerxética, a de refinación do petróleo e biocombustible, así como as empresas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica.

Tamén serán subvencionables as actividades contempladas no IAE que se correspondan con estas seccións do CNAE 2009.

b) As empresas de servizos enerxéticos que xestionen total ou parcialmente instalacións consumidoras de enerxía en que o obxecto dos contratos sexa a consecución de aforro económico derivado dun menor consumo de enerxía. Os centros de consumo en que se actúe deben estar situados en Galicia, corresponder a empresas incluídas no ámbito de actuación das presentes bases e, en concreto, desenvolver algunha das actividades recollidas no parágrafo anterior e amparadas polo Regulamento (UE) 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior.

Pola contra, non poden ser centros consumidores de enerxía nin as persoas particulares (comunidades de propietarios) nin as empresas recollidas no número 4 deste artigo.

O pagamento dos servizos que prestan as ditas empresas baséase na obtención de melloras de eficiencia enerxética e no cumprimento dos demais requisitos de rendemento convidos. Contarase en todo caso con visto e praxe do titular da instalación, por se dese lugar á modificación do contrato existente entre ambas as partes.

As empresas de servizos enerxéticos deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 56/2016 para o desenvolvemento da actividade profesional de provedor de servizos enerxéticos e deberán estar incluídas na listaxe de provedores de servizos enerxéticos regulada no capítulo III do citado real decreto.

Segundo a definición da Directiva 2006/32/CE, do 5 de abril, sobre a eficiencia do uso final da enerxía e dos servizos enerxéticos, e para os efectos destas bases, entenderase por empresa de servizos enerxéticos, aquela persoa física ou xurídica que poida proporcionar servizos enerxéticos na forma definida no parágrafo seguinte nas instalacións ou locais dun usuario e que afronte certo grao de risco económico ao facelo. Todo isto sempre que o



pagamento dos servizos prestados se basee, xa sexa en parte ou totalmente, na obtención de aforros de enerxía por introdución de melloras da eficiencia enerxética e no cumprimento dos demais requisitos de rendemento convidados.

O servizo enerxético prestado pola empresa de servizos enerxéticos consistirá nun conxunto de prestacións, incluíndo a realización de investimentos inmateriais, de obras ou de subministracións necesarias para optimizar a calidade e a redución dos custos enerxéticos. Esta actuación poderá comprender ademais da construción, instalación ou transformación de obras, equipamentos e sistemas, o seu mantemento, actualización ou renovación, a súa explotación ou a súa xestión derivados da incorporación de tecnoloxías eficientes. O servizo enerxético así definido deberá prestarse baseándose nun contrato que deberá levar asociado un aforro de enerxía verificable, medible o estimable.

2. As persoas ou entidades que resulten beneficiarias da subvención e con posterioridade contratasen a xestión enerxética, total ou parcialmente, a unha empresa de servizos das definidas no punto anterior deste artigo, poderán solicitar a modificación da resolución de concesión no sentido de que pase a ser beneficiaria esta última, xuntando unha copia do contrato de servizos enerxéticos en que se recollan as cláusulas asociadas ao proxecto para o cal se solicita a axuda. Esta solicitude deberá presentarse, como mínimo, 20 días hábiles antes da finalización do prazo de xustificación do investimento do proxecto e pode dar lugar á minoración da axuda inicialmente outorgada tras a aplicación da metodoloxía de cálculo da axuda, segundo o establecido nestas bases, no caso de que se produza unha variación do investimento elixible ou das características técnicas do proxecto.

3. Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas ou entidades en que concurra algunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Cando se trate de axudas para mobilidade alternativa e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas do sector industrial e de servizos, non poderán ter a condición de beneficiarias as empresas en que concurra algunha das circunstancias previstas no artigo 1 do Regulamento (UE) núm. 651/2014, do 17 de xuño, entre as cales figuran:

a) As empresas do sector da pesca e da acuicultura, segundo se recolle no Regulamento (UE) núm. 1379/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro.

b) As empresas que operan na produción primaria de produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.



c) Aquelas que operan na transformación e comercialización dos produtos agrícolas:

- Cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos deste tipo adquiridos a produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas.

- Cando a axuda estea supeditada a que unha parte ou a súa totalidade repercuta nos produtos primarios.

Non poderán obter a condición de beneficiarias as empresas suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que tivese declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Non poderán ter a condición de beneficiarias as empresas en crise, excepto cando se trate de réximes de axudas destinados a reparar os prexuízos causados por determinados desastres naturais (artigo 1 do Regulamento (UE) núm. 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño).

5. Cando se trate de axudas *de minimis* para a realización de auditorías enerxéticas e implantación de sistemas de xestión, non poderán ter a condición de beneficiarias as empresas en que concorra algunha das causas de exclusión previstas no artigo 1 do Regulamento (UE) núm. 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*; no artigo 1 do Regulamento (UE) núm. 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola, e no artigo 1 do Regulamento (UE) núm. 717/2014, da Comisión, do 27 de xullo, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura.

#### Artigo 5. *Gastos que se subvencionan*

Nas seguintes epígrafes desenvólvense os distintos conceptos subvencionables:

##### 1. Auditorías enerxéticas.

Será subvencionable a realización de auditorías enerxéticas que analicen de xeito integral o proceso produtivo do centro de traballo da empresa e que propoña medidas de redución do consumo enerxético. Será requisito indispensable un compromiso formal do



representante da empresa de execución de todas as actuacións de aforro detectadas na auditoría que presenten o suficiente grao de madurez tecnolóxica e un período de retorno do investimento inferior a dous anos.

Non serán subvencionables aquelas auditorías enerxéticas que sexan obrigatorias segundo a normativa vixente no momento en que se peche o prazo de presentación de solicitude e, en concreto, aquelas que son obrigatorias conforme o artigo 8 da Directiva 2012/27/UE, sobre eficiencia enerxética, é dicir, as referidas ás grandes empresas.

Serán elixibles todos os custos externos derivados da realización da auditoría. Os estudos resultantes deberán ter o contido mínimo indicado no documento «Contido mínimo de auditoría enerxética», dispoñible na páxina web do Inega (<http://www.inega.es>).

Establécense os seguintes valores de subvención máxima en función do consumo de enerxía final actual do centro de traballo que se vai auditar:

| Consumo de enerxía final (tep) | Subvención máxima (€) |
|--------------------------------|-----------------------|
| Ata 50                         | 3.000                 |
| De 50 a 200                    | 5.000                 |
| De 200 a 1.000                 | 10.000                |
| Máis de 1.000                  | 20.000                |

## 2. Mobilidade alternativa.

Será subvencionable a substitución de vehículos por outros novos máis eficientes que satisfagan as mesmas necesidades e que utilicen produtos enerxéticos alternativos ao gasóleo e ás gasolinas, por exemplo, vehículos a gas natural, GLP, eléctricos, hidróxeno... Os novos vehículos deben ser polo menos un 20 % máis eficientes e deben xustificar que ou ben manteñen as mesmas prestacións (carga máxima, volume, potencia...) ca os vehículos que substitúen ou ben que as súas prestacións son suficientes e mellor adaptadas para realizar as funcións do vehículo que substitúen.

O equipamento substituído deberá ser dado de baixa definitiva e ser destinado ao despezamento/achatarramento.

Tamén será subvencionable a transformación de vehículos existentes utilizados no proceso produtivo do sector industrial para adaptalos á utilización de combustibles alternativos ao gasóleo e ás gasolinas que reduzan o nivel de emisións contaminantes,



por exemplo a adaptación de vehículos a gas natural, GLP, hidróxeno... Os vehículos transformados deben ser polo menos un 5 % máis eficientes en termos de consumo de enerxía primaria.

Considerase custo elixible o custo de investimento adicional necesario para lograr un nivel máis elevado de eficiencia enerxética en vehículos que sexan necesarios para o desenvolvemento da actividade industrial ou de servizos. Determinarase do seguinte xeito:

a) Cando os custos do investimento en eficiencia enerxética poidan identificarse nos custos totais do investimento como investimento separado, estes custos relacionados coa eficiencia enerxética serán subvencionables;

b) En todos os demais casos, os custos do investimento en eficiencia enerxética determinarase por referencia a un investimento similar, que implique menor eficiencia enerxética, que se podería realizar de xeito crible sen a axuda; a diferenza entre o custo de ambos os investimentos determinará o custo relacionado coa eficiencia enerxética e será o custo subvencionable.

Os custos dos proxectos que non estean directamente vinculados á consecución dun nivel máis elevado de eficiencia enerxética non serán subvencionados.

Os investimentos só poderán ser subvencionados sobre a base dunha auditoría enerxética, cuxos resultados se plasmarán na memoria técnica da solicitude.

### 3. Implantación de sistemas de xestión certificados.

Será subvencionable a implantación de sistemas de xestión enerxética certificados, conforme a Norma ISO 50.001, por entidade acreditada durante o período de xustificación. No caso de non terse completado a obtención do certificado, deberá xustificarse o inicio do proceso de certificación achegando contrato asinado cunha entidade acreditada.

Será elixible o custo das empresas consultoras especializadas, o da auditoría enerxética previa, os gastos de certificación e o custo de equipamentos de medida de consumo enerxético asociados á implantación do sistema de xestión.

CVE-DOG: csr8yht6-sds9-kcl7-ocj8-ibjkwmspg4p1



Establécense os seguintes valores de subvención máxima en función do consumo de enerxía final actual do centro de traballo:

| Consumo de enerxía final (tep) | Subvención máxima (€) |
|--------------------------------|-----------------------|
| Ata 50                         | 4.000                 |
| De 50 a 200                    | 7.000                 |
| De 200 a 1.000                 | 12.000                |
| Máis de 1.000                  | 23.000                |

#### 4. Proxectos de aforro e eficiencia enerxética.

Nos proxectos de aforro e eficiencia enerxética considérase custo elixible o custo de investimento adicional necesario para lograr un nivel máis elevado de eficiencia enerxética. Determinarase do seguinte xeito:

a) Cando os custos do investimento en eficiencia enerxética poidan identificarse nos custos totais do investimento como investimento separado, estes custos relacionados coa eficiencia enerxética serán subvencionables;

b) En todos os demais casos, os custos do investimento en eficiencia enerxética determinarase por referencia a un investimento similar, que implique menor eficiencia enerxética, que se podería realizar de xeito crible sen a axuda; a diferenza entre o custo de ambos os investimentos determinará o custo relacionado coa eficiencia enerxética e será o custo subvencionable.

Os custos dos proxectos que non estean directamente vinculados á consecución dun nivel máis elevado de eficiencia enerxética non serán subvencionados. Non serán subvencionables aqueles proxectos con ratios de aforro enerxético inferiores a 0,2 kWh por € de investimento elixible, por considerarse que a finalidade do investimento non é a consecución dunha maior eficiencia enerxética.

Os investimentos só poderán ser subvencionados sobre a base dunha auditoría enerxética, cuxos resultados se plasmarán na memoria técnica da solicitude.

Poden ser obxecto de subvención as actuacións que se recollen a continuación:

a) Os investimentos en substitución ou mellora de equipamentos e instalacións consumidores de enerxía do proceso produtivo do sector industrial, así como dos sistemas auxi-



liares necesarios para o seu funcionamento, por equipamentos e instalacións que utilicen tecnoloxía de alta eficiencia ou a mellor tecnoloxía dispoñible. O aforro enerxético mínimo requirido para ser subvencionable deberá ser dun 5 % respecto do consumo inicial.

b) A renovación ou mellora de equipamentos de instalacións existentes no sector industrial ou servizos de produción de calor e frío destinadas a atender a demanda de benestar e hixiene das persoas por outros de alta eficiencia enerxética, seleccionados con base nun maior rendemento enerxético. O aforro enerxético mínimo requirido para ser subvencionable deberá ser dun 20 % respecto do consumo inicial.

c) A mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación existentes nos centros de produción do sector industrial que leven asociada unha redución anual de polo menos un 40 % respecto ao consumo inicial en iluminación, garantindo un confort lumínico adecuado á tarefa que se vai realizar.

d) Instalacións fotovoltaicas, minieólicas, solares térmicas, bombas de calor (aeroterminia, xeoterminia e hidrotérminia), biogás e calquera outro sistema de aproveitamento de enerxías renovables que contribúan a aumentar a eficiencia enerxética da empresa. Considérase que a instalación contribúe a aumentar a eficiencia da empresa cando a enerxía xerada se consome na súa práctica totalidade no centro de traballo asociado. O aforro enerxético acadado debe ser superior ao 20 %. Considérase aforro enerxético a maior eficiencia no paso de enerxía primaria a final e a redución de perdas no transporte e distribución de enerxía. Teranse en conta os seguintes valores:

| Porcentaxe de perdas en transporte e distribución de enerxía eléctrica (segundo o anexo III da Orde IET/107/2014) |         |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|
| Baixa tensión                                                                                                     | 13,81 % |
| Media tensión ( $1 < kV \leq 36$ )                                                                                | 6,00 %  |
| Eficiencia na conversión de enerxía primaria a electricidade (valor medio en Galicia de 2008 a 2013)              |         |
| Solar fotovoltaica                                                                                                | 99,0 %  |
| Eólica                                                                                                            | 97,6 %  |
| Valor medio do mix de produción                                                                                   | 62,1 %  |

Establécese un custo elixible máximo de 2.000 € por kW de potencia fotovoltaica pico instalada.

e) Calquera outra actuación non considerada nas epígrafes anteriores que implique un aforro enerxético mínimo dun 20 % respecto do consumo inicial.

CVE-DOG: csr8yht6-sds9-kcl7-ocj8-ibjkwmspg4p1



f) Para contribuír á comprobación dos resultados enerxéticos obtidos será subvencionable a implantación de medidas de contabilización, monitorización e telexestión do consumo de enerxía asociadas ás actuacións de aforro para as cales se solicita axuda e incluso a implantación de sistemas de procesamento avanzado de datos e intelixencia artificial aplicados á optimización do consumo enerxético da empresa no tocante á análise dos consumos enerxéticos das actuacións subvencionadas. Entenderanse por intelixencia artificial aqueles desenvolvementos que de xeito sistemático sexan capaces de reaxustar algúns dos seus parámetros en función das experiencias pasadas co obxecto de optimizar o consumo enerxético. O custo elixible máximo destes equipamentos será do 10 % da actuación de aforro asociada e cos seguintes límites máximos de axuda en función do consumo do centro de traballo:

| Consumo enerxético anual do centro de traballo (tep) | Axuda máxima para medidas de contabilización, monitorización, telexestión e sistemas de procesamento avanzado de datos asociados á medida subvencionada |
|------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 10 a 50                                              | 5.000 €                                                                                                                                                 |
| 50 a 200                                             | 9.000 €                                                                                                                                                 |
| 200 a 1.000                                          | 12.000 €                                                                                                                                                |
| Máis de 1.000                                        | 15.000 €                                                                                                                                                |

Para as solicitudes tramitadas baixo a modalidade de empresas de servizos enerxéticos terase en conta a actividade asimilable ao centro de traballo en que se instalen.

5. Os proxectos de aforro e eficiencia enerxética deberán cumprir como mínimo os seguintes requisitos técnicos:

– Levar asociado o aforro enerxético mínimo requirido para cada proxecto segundo o indicado nas epígrafes anteriores deste artigo. O dito aforro debe quedar xustificado na memoria técnica e na ficha de consumos a que se fai referencia no artigo 8. Non se considerarán válidos para a xustificación os resultados de experiencias anteriores non sendo que se presente a documentación que acredite tales aforros.

– No caso da renovación de instalacións de iluminación, deben cumprir cos valores: nivel de iluminación mantido a nivel da área de traballo (Em), índices de cegamento (UGRL) e uniformidade da iluminancia (Uo), que se definen na Norma UNE-EN 12464 (Iluminación. Iluminación nos lugares de traballo), na *Guía Técnica para a avaliación e prevención de riscos relativos á utilización de lugares de traballo* e na Norma UNE-EN 12193 (Iluminación. Iluminación de instalacións deportivas), se é o caso.



– Se a instalación está incluída no ámbito de aplicación do documento HE3 (Eficiencia enerxética das instalacións de iluminación) do Código técnico da edificación, a nova instalación debe cumprir coas exixencias establecidas nel.

– Considerarase que unha instalación de xeración de enerxía eléctrica contribúe a aumentar a eficiencia enerxética da empresa cando a enerxía eléctrica xerada se consome na súa práctica totalidade no centro de traballo asociado. Esta circunstancia acreditarase tecnicamente, por algún dos seguintes métodos, en ningún caso a produción eléctrica anual prevista poderá superar o consumo eléctrico do centro de traballo:

- Por comparación entre a curva de xeración da instalación nun día tipo de máxima produción coa curva de carga do centro de traballo asociado nun día tipo de reducido consumo (festivo, parada,...).

- Por xustificación da existencia de equipamentos de consumo ou de acumulación de enerxía xestionables programados para funcionar se a potencia de xeración da instalación se aproxima ao consumo.

- Considerarase que se xustifica esta circunstancia cando o consumo eléctrico do centro de traballo no último ano fose de, cando menos, tres veces a produción eléctrica anual prevista coa instalación fotovoltaica.

Para os cambios de equipamentos xeradores de calor en instalacións de auga quente sanitaria e climatización, os equipamentos novos que se van instalar deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Naqueles casos en que proceda, os equipamentos novos que se van instalar deberán contar cun coeficiente de eficiencia enerxética en modo calefacción (COP) igual ou superior a 3,5, e un coeficiente de eficiencia enerxética en modo refrixeración (EER) igual ou superior a 3,0, nas condicións establecidas na Norma UNE- EN 14511, sempre que os equipamentos estean incluídos no campo de aplicación da devandita norma. Excepcionalmente, poderán subvencionarse equipamentos cuns coeficientes de rendemento menores sempre e cando se xustifique que non existe no mercado tecnoloxía dispoñible máis eficiente para esa solución particular.

b) No caso das caldeiras con potencia nominal inferior a 400 kW terán como mínimo os seguintes rendementos:

CVE-DOG: csr8yht6-sds9-kcl7-ocj8-ibjkwmspg4p1



Para caldeiras de gas:

– Rendemento a potencia útil nominal ( $P_n$ ) en kW e a unha temperatura media da auga na caldeira de 70 °C:

$$\eta \geq 90 + 2 \log P_n$$

– Rendemento a carga parcial de 0,3  $P_n$  e a unha temperatura de retorno de auga a caldeira de 30 °C:

$$\eta \geq 97 + \log P_n$$

Para caldeiras de gasóleo, as caldeiras estándar:

– Rendemento a potencia útil nominal ( $P_n$ ) en kW e a unha temperatura media da auga na caldeira de 70 °C:

$$\eta \geq 90 + 2 \log P_n$$

– Rendemento a carga parcial de 0,3  $P_n$  e a unha temperatura media da auga na caldeira  $\geq 50$  °C:

$$\eta \geq 86 + 3 \log P_n$$

c) No caso das caldeiras estándar con potencia nominal superior a 400 kW, cumprirán co rendemento exixido para as caldeiras de 400 kW.

Os proxectos que non cumpran cos estes requisitos técnicos mínimos non serán subvencionables.

Non se admitirán no orzamento partidas alzadas; todas as partidas deberán levar as súas correspondentes medicións.

6. Non serán subvencionables as seguintes actuacións:

- A rehabilitación da envolvente térmica dos edificios.
- Os sistemas de distribución de calor interior (tubos, emisores de calor...).
- A substitución de radiadores eléctricos portátiles.



– As caldeiras que utilicen como combustible biomasa forestal e as instalacións solares que sexan obrigatorias en virtude do documento básico HE do Código técnico da edificación (CTE).

– As instalacións de iluminación, salvo aquelas que se desenvolvan en centros de produción do sector industrial (excluídas: oficinas, iluminación de emerxencia, rótulos lumínicos e a iluminación de sinalización).

– Os electrodomésticos (frigoríficos, fornos, cociñas, televisores, ordenadores,...).

– Os sistemas de distribución de electricidade non asociados directamente ao aforro enerxético (canalizacións, carrís...).

– As operacións de mantemento (simple reposición de lámpadas...).

7. Considéranse custos subvencionables o prezo dos equipamentos, a súa montaxe e a posta en marcha.

8. Non se consideran custos subvencionables:

a) Os gastos de legalización.

b) O imposto sobre o valor engadido (IVE).

c) Os gastos que se realicen en pagamento de licenzas, gastos sometidos a aranceis, adquisición de bens de segunda man e os recollidos con tal carácter no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9. En ningún caso serán subvencionables as instalacións/equipamentos que xa foran obxecto de axuda en anos anteriores.

10. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionable.

#### Artigo 6. *Contía da axuda*

A contía da subvención será do 30 % do custo elixible da nova instalación, cun máximo de 200.000 euros por proxecto. No caso de axudas concedidas a pequenas e medianas



empresas, a intensidade de axuda incrementarase en 10 puntos porcentuais, ata o 40 % do custo elixible.

No caso de axudas á elaboración de auditorías enerxéticas, a intensidade de axuda será do 50 % do custo elixible.

No caso de auditorías enerxéticas e de implantación de sistemas de xestión, o importe total das axudas *de minimis* concedidas a unha única empresa non excederá 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, de 100.000 euros cando se trate de empresas de transportes de mercadoría por estrada por conta allea, de 30.000 euros para empresas do sector da pesca e da acuicultura e de 15.000 euros para empresas do sector agrícola. No resto dos casos, a axuda máxima por empresa será de 1.000.000 de euros.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

#### Artigo 7. *Forma e prazo de presentación das solicitudes*

1. As solicitudes subscribiranas directamente os interesados ou a persoa que acredite a súa representación por calquera medio válido en dereito.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado desde o seguinte a aquel en que se publiquen as presentes bases no DOG.

3. A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) e na páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)), de conformidade co establecido nos artigos 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para o acceso á aplicación de presentación das solicitudes será necesario o número do NIF e o contrasinal determinado polas persoas interesadas.

4. A documentación complementaria indicada no artigo 8 destas bases presentarase electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada



segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A publicación dos formularios de solicitude no DOG faise unicamente para os efectos informativos.

5. Na páxina web do Inega disporase de instrucións de axuda para consulta dos solicitantes. Para o caso de dificultades técnicas ou no caso de requirir máis información, o Inega pon á disposición dos interesados o seu servizo de asistencia técnica, a través do número de teléfono 981 54 15 00 ou do enderezo de correo electrónico [inega.info@xunta.es](mailto:inega.info@xunta.es)

#### Artigo 8. *Documentación complementaria da solicitude*

Xunto coa solicitude presentaranse anexadas copias dixitalizadas da documentación complementaria. Os documentos da solicitude deberán incluír unha parte administrativa (A) e unha parte técnica (B) que se describe a continuación:

##### A) Documentación administrativa:

Dentro da parte administrativa distínguirase a documentación común a todas as solicitudes (subepígrafe A.1.) e a específica en función do tipo de solicitante (subepígrafe A.2.).

##### A.1. Documentación que deben achegar todos os solicitantes:

###### 1. Modelo de solicitude (anexo I).

2. Copia do DNI ou NIE do solicitante (persoa física), só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade.

3. Documento oficial en que conste o código CNAE correspondente á actividade da empresa, tal como: declaración censual, declaración de vida laboral, imposto de actividades económicas. Tamén se aceptarán os documentos en que aparezan as actividades recollidas no IAE que se correspondan coas seccións do CNAE 2009.

4. Declaración responsable asinada polo representante legal do solicitante de ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o cal se conceda a axuda (modelo dispoñible na páxina web do Inega).



## A.2. Especificacións segundo o tipo de solicitante:

### 1. Autónomos:

Certificado da AEAT en que se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas (IAE) en que figura dado de alta. Só no caso de denegar expresamente a súa consulta.

### 2. Empresas:

a) Se non teñen o domicilio social en Galicia, deberán acreditar, cando menos, a existencia dun centro de traballo ou a realización dalgunha actividade empresarial xustificable dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso das empresas de servizos enerxéticos, o que debe estar situado no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia son os centros de consumo.

b) Cando non estean obrigadas por lei a inscribirse no Rexistro Mercantil ou calquera outro rexistro público, presentarán a documentación acreditativa da constitución e da representación correspondente.

Cando unha empresa de servizos enerxéticos xestione total ou parcialmente instalacións consumidoras de enerxía deberá achegar ademais:

a) Unha copia do contrato de servizos enerxéticos en que se recollan as cláusulas asociadas ao proxecto para o cal se solicita a axuda.

b) Constancia por escrito da autorización e do coñecemento por parte do titular ou titulares da instalación de que se solicita a subvención.

### B) Documentación técnica.

Debe achegarse a documentación técnica recollida na epígrafe correspondente ao tipo de solicitude:

#### B.1. Documentación específica para as solicitudes de axuda para auditorías enerxéticas:

– Memoria técnica do proxecto segundo o modelo de memoria técnica AE dispoñible na web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)). O incumprimento do contido mínimo desta memoria poderá dar lugar á inadmisión a trámite desta solicitude.



– Documento denominado «Ficha de consumos AE», segundo o modelo dispoñible na web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)), no cal se relacione o número de factura e o consumo enerxético de todas as facturas (electricidade, gas, fuel óleo, gasóleo...) do período anual tomado como referencia (2015 ou últimos doce meses), así como os datos enerxéticos do proxecto.

– Compromiso formal do representante de execución de todas as actuacións de aforo detectadas na auditoría que presenten o suficiente grao de madurez tecnolóxica e un período de retorno inferior a dous anos e declaración de que a auditoría non é obrigatoria segundo a normativa vixente.

– Certificado do responsable da empresa da porcentaxe de custos que representou a enerxía en relación ao conxunto de custos do centro de traballo no último exercicio.

B.2. Documentación específica para as solicitudes de axuda para proxectos de mobilidade alternativa:

– Memoria técnica do proxecto segundo o modelo de memoria técnica MA dispoñible na web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)). O incumprimento do contido mínimo desta memoria poderá dar lugar á inadmisión a trámite desta solicitude.

– Documento denominado «Ficha de consumos MA», segundo o modelo dispoñible na web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)), na cal se relacione o número de factura e o consumo enerxético das facturas de combustible do período anual tomado como referencia (2015 ou últimos doce meses), así como os datos enerxéticos do proxecto.

– Fotografías dos vehículos actuais nas cales se observe a súa matrícula ou placa identificativa.

– Documentación acreditativa da titularidade do vehículo.

– Para novos vehículos, características técnicas dos vehículos para os cales se solicita a axuda subministrada polo fabricante (catálogo, certificado ou ficha técnica do fabricante).

– Para transformacións de vehículos, características técnicas dos elementos que se van incorporar e ficha de características técnicas do vehículo unha vez transformado na cal se indique o consumo enerxético deste.



B.3. Documentación específica para as solicitudes de axuda para proxectos de implantación de sistemas de xestión:

– Memoria técnica do proxecto segundo o modelo de memoria técnica SX dispoñible na web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)). O incumprimento do contido mínimo desta memoria poderá dar lugar á inadmisión a trámite desta solicitude.

– Documento denominado «Ficha de consumos SX», segundo o modelo dispoñible na web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)), no cal se relacione o número de factura e o consumo enerxético de todas as facturas (electricidade, gas, fuel óleo, gasóleo,...) do período anual tomado como referencia (2015 ou últimos doce meses), así como os datos enerxéticos do proxecto.

– Certificado do responsable da empresa da porcentaxe de custos que representou a enerxía en relación co conxunto de custos do centro de traballo no último exercicio.

B.4. Documentación específica para as solicitudes de axuda para proxectos de aforro e eficiencia enerxética. Distínguese entre proxecto de iluminación e calquera outro tipo de proxectos:

B.4.1. Proxectos de aforro e eficiencia de iluminación en industria:

– Memoria técnica do proxecto segundo o modelo de memoria técnica PAE\_ILU dispoñible na web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)). O incumprimento do contido mínimo desta memoria poderá dar lugar á inadmisión a trámite desta solicitude.

– Fotografías da instalación actual.

– Plano de situación das instalacións no establecemento, coa distribución dos equipamentos, en instalacións simples bastará cun plano en planta de localización do centro de traballo.

– Características técnicas dos equipamentos para os cales se solicita a axuda subministrada polo fabricante (catálogo, certificado ou ficha técnica do fabricante), onde se inclúan os datos lumínicos e do seu consumo enerxético.

– Estudo lumínico das zonas que se reformarán, identificando o programa de cálculo utilizado para a súa realización co obxecto de xustificar os valores que se indican no artigo 5.2. ( $E_m$ ,  $UGR_L$  /  $GR_L$  e  $U_o$ ).



– Para as instalacións de iluminación que estean incluídas no ámbito de aplicación do documento HE3 (Eficiencia enerxética das instalacións de iluminación) do Código técnico da edificación, xustificación asinada por un técnico competente de que cumpren coas exixencias establecidas nel. Nos casos en que a instalación non estea incluída total ou parcialmente no ámbito de aplicación xuntar escrito xustificativo dos motivos.

– Ademais, nos casos en que proceda, achegar certificado de ter implantado un sistema de xestión enerxética segundo a Norma UNE-EN ISO 50001:2011.

#### B.4.2. Outros proxectos de aforro e eficiencia:

– Memoria técnica do proxecto segundo o modelo de memoria técnica PAE dispoñible na web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)). O incumprimento do contido mínimo desta memoria poder dar lugar á inadmisión a trámite desta solicitude.

– Documento denominado «Ficha de consumos PAE», segundo o modelo dispoñible na web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)), no cal se relacione o número de factura e o consumo enerxético de todas as facturas (electricidade, gas, fuel óleo, gasóleo,...) do período anual tomado como referencia (2015 ou últimos doce meses), así como os datos enerxéticos do proxecto.

– Fotografías da instalación actual.

– Plano de situación das instalacións no establecemento, coa distribución dos equipamentos, en instalacións simples bastará cun plano en planta de localización do centro de traballo.

– Características técnicas dos equipamentos para os cales se solicita a axuda subministradas polo fabricante (catálogo, certificado ou ficha técnica do fabricante), onde se inclúan os datos da produtividade do equipamento e do seu consumo enerxético.

Ademais, nos casos en que proceda, tamén se debe achegar o seguinte:

– Certificado de ter implantado un sistema de xestión enerxética segundo a Norma UNE-EN ISO 50001:2011.

– Memoria técnica adicional para actuacións de renovación de edificios segundo o modelo de memoria técnica adicional edificios PAE, dispoñible na web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)).



– Folla de características da caldeira, onde deberán estar incluídos os rendementos requiridos.

– Certificado do coeficiente de rendemento (COP/EER) emitido por un laboratorio independente e acreditado para realizar as probas segundo a Norma UNE-EN 14511, para os equipamentos incluídos no ámbito de aplicación da dita norma (os que non estean incluídos teñen que xustificalo cun informe técnico do fabricante). Para os fabricantes asociados a Eurovent, será suficiente con presentar a impresión da parte da base de datos en que figure a combinación unidade exterior-interior para a cal se solicita a axuda. Para os equipamentos con selo de calidade da EPHA (Asociación Europea de Bomba de Calor), será suficiente con achegar calquera documento que xustifique que o modelo ten o dito selo en vigor.

– Valor do SPF (prestacións medias estacionais) segundo a Norma UNE-EN 14825:2012, UNE-EN 12309 ou o documento «Prestacións medias estacionais das bombas de calor», elaborado polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e través do IDAE.

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 9. *Consentimentos e autorizacións*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

2. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos ou documentos coa finalidade de acreditar a identidade da persoa solicitante. Polo tanto, o modelo de solicitude normalizado incluírá unha autorización expresa ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos achegados no procedemento administrativo. No caso de que a persoa interesada non autorice o órgano xestor para realizar esta operación, estará obrigada a achegalos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

3. A presentación da solicitude de concesión de subvencións por parte da persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar



as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, deberá presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

4. Ás solicitudes das persoas interesadas xuntaranse os documentos e as informacións determinadas no artigo 8, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso, a persoa solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data, o núm. de expediente e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

5. De conformidade co artigo 17.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

#### Artigo 10. *Compatibilidade das subvencións*

1. As subvencións reguladas nestas bases están financiadas con fondos Feder e, polo tanto, serán incompatibles con calquera outra axuda que para o mesmo proxecto ou finalidade leve cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e da súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros...).

CVE-DOG: csr8yht6-sds9-kcl7-ocj8-ibjkwmspg4p1



2. O importe da subvención outorgada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o 100 % do custo elixible ou, se é o caso, supere o límite máximo establecido na norma que resulte de aplicación.

3. O incumprimento do disposto neste artigo considerárase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión nos termos previstos no artigo 17 destas bases reguladoras.

#### Artigo 11. *Órganos competentes*

A Xerencia do Inega será o órgano competente para a instrución do procedemento administrativo de concesión das subvencións, e corresponde á Dirección do Inega ditar as diferentes resolucións que deriven do dito procedemento.

#### Artigo 12. *Instrución dos procedementos*

1. Unha vez presentada a solicitude xunto coa documentación complementaria, o órgano instructor comprobará que reúne todos os requisitos e se achegan todos os documentos exixidos polas bases reguladoras. De non ser así, de conformidade co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos; coa advertencia expresa de que, se así non o fixer, se dará por desistido na súa petición e archivarase o expediente.

Igual requirimento se efectuará no suposto de resultado negativo da consulta efectuada á Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT); Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS), á consellería competente en materia de economía e facenda, ao Rexistro Mercantil e a outros rexistros públicos.

2. Tales requirimentos de emenda, así como calquera tipo de notificación, realizárase a través de medios electrónicos, de conformidade co establecido no artigo 28.3 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e no artigo 26.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica da Xunta de Galicia e as entidades delas dependentes. De maneira que, cando exista constancia da posta á disposición da notificación e transcorre-



sen 10 días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada, cos efectos previstos no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material de acceso.

A notificación do requirimento de emenda efectuarase do seguinte xeito:

– Enviaráselle ao interesado ao enderezo de correo electrónico que facilita no formulario de solicitude un aviso en que se lle indica a posta á súa disposición desta notificación.

– Poderá acceder á citada notificación no taboleiro electrónico dispoñible na aplicación informática habilitada para estas axudas co usuario e contrasinal do solicitante, desde a páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)).

3. A documentación a que se refire a emenda presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.es>) ou da páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)), acudindo á aplicación informática habilitada para estas axudas. Para poder realizala é imprescindible que o solicitante ou o representante legal dispoña de DNI electrónico ou calquera outro certificado dixital expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT).

4. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse o solicitante para que achegue aqueles datos, documentos complementarios ou aclaracións que resulten necesarios na tramitación e resolución do procedemento.

5. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, os expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración. Aqueles que non cumpran coas exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación ou que non conteñan a documentación necesaria serán obxecto de resolución de inadmisión a trámite ou de denegación, dependendo da circunstancia que conorra en cada caso.

### Artigo 13. *Comisión de Valoración*

1. A Comisión de Valoración será o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou, se é o caso, a denegación das subvencións aos interesados.

CVE-DOG: csr8yht6-sds9-kcl7-ocj8-ibjkwmspg4p1



2. A composición da Comisión de Valoración será a seguinte:

- a) A xerente do Inega.
- b) O xefe da Área de Aforro e Eficiencia Enerxética do Inega.
- c) Un técnico do Inega.

3. No documento co resultado da avaliación que elabore a Comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificarase a puntuación que lles corresponde, así como o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible nos diferentes tipos de actuacións que se subvencionan. Non serán subvencionables os proxectos que acaden unha puntuación inferior a 10 puntos, por considerarse que non cumpren suficientemente a finalidade da convocatoria.

#### Artigo 14. *Criterios de valoración*

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables.

Ademais do cumprimento das bases reguladoras, a valoración dos proxectos terá en conta os seguintes criterios, en función da tipoloxía de proxecto:

A. Criterios de valoración das solicitudes de axuda para auditorías enerxéticas e para a implantación de sistemas de xestión certificados:

A.1) Alcance do traballo: 30 %.

No caso das auditorías enerxéticas valorarase o alcance do traballo co seguinte criterio:

– 10 puntos se a auditoría inclúe análise termográfica do centro de traballo. O informe final da auditoría debe recoller termografías e a súa respectiva valoración dos elementos máis relevantes desde o punto de vista de eficiencia enerxética e de seguridade da instalación.

– 10 puntos se a auditoría inclúe medicións e análises eléctricas do centro de traballo. O informe final da auditoría debe recoller en anexos as gráficas e os valores máis representativos das variables eléctricas medidas mediante un analizador de redes naqueles puntos máis relevantes da instalación eléctrica da empresa. No informe debe xustificarse a selección dos puntos de medida.



– 5 puntos se a auditoría inclúe análise de gases de combustión das caldeiras e equipamentos de combustión do centro de traballo. O informe final da auditoría debe recoller os valores medidos e a análise dos resultados.

– 5 puntos se a auditoría inclúe análise dos niveis lumínicos dos lugares de maior consumo en iluminación do centro de traballo. O informe final da auditoría debe recoller os valores medidos e a análise dos resultados. No informe debe xustificarse a selección dos puntos de medida.

No caso dos proxectos para implantar sistemas de xestión certificados, valorarase o alcance do traballo co seguinte criterio:

– 10 puntos se no proceso de implantación do sistema de xestión certificado se realiza unha auditoría enerxética integral por entidade externa. A auditoría realizada deberá entregarse coa documentación xustificativa.

– 10 puntos se durante o proceso de implantación do sistema se instala ou xa se dispón de equipamentos de medida do consumo enerxético que permitan cuantificar o consumo dos principais equipamentos e procesos produtivos consumidores de enerxía do centro de traballo comunicados a un equipamento centralizado de almacenamento de datos. Na documentación xustificativa deberá entregarse unha relación dos equipamentos de medida instalados e a súa funcionalidade.

– 10 puntos se durante o proceso de implantación do sistema se instala ou xa se dispón dun sistema de procesamento avanzado de datos. Na documentación xustificativa deberá entregarse unha descrición do sistema procesamento avanzado de datos no cal se inclúa unha relación das variables controladas, da súa procedencia e das prestacións ofertadas polo sistema de procesamento.

A.2) Incidencia do custo da enerxía na competitividade do centro de traballo: 30 %.

Valórase a razón de 2 puntos por cada 1 % que representen os custos enerxéticos da empresa en relación aos custos totais do último exercicio de que se teña información, ata un máximo de 30 puntos.

A.3) Relación consumo do centro de traballo/investimento elixible: 40 %.

Outorgarase a puntuación máxima de 40 puntos a aqueles proxectos que obteñan valores de 20 tep por cada 1.000 € de investimento elixible ou superiores, os que teñan un rateo inferior puntuaranse proporcionalmente.



B. Criterios de valoración das solicitudes de axuda para proxectos de mobilidade con combustibles alternativa e para proxectos de aforro e eficiencia enerxética:

B.1) Porcentaxe de aforro e eficiencia enerxética: 40 %.

O aforro valorarase a partir da porcentaxe de aforro enerxético mínimo exixible polas bases en cada actuación.

Estímase a porcentaxe de aforro respecto ao consumo enerxético do proceso ou equipo antes da mellora proposta e valórase a razón de 1 punto por cada 1 % de aforro que supere o mínimo exixido ata un máximo de 40 puntos. En caso de varias actuacións nun mesmo proxecto, a puntuación será polo global do proxecto.

Dada a contribución adicional á transición a unha economía baixa en carbono derivada do cambio de combustibles, valorarase tamén dentro deste criterio a porcentaxe de redución de emisións de CO<sub>2</sub> derivadas do cambio de combustible (non se inclúe a electricidade) adicionais ao aforro enerxético a razón de 2 puntos por cada 1 % de redución de emisións ata un máximo de 20 puntos por este concepto.

B.2) Relación aforro anual/investimento elixible: 45 %.

Outorgarase a puntuación máxima de 45 puntos a aqueles proxectos que obteñan valores de 5 kWh/€ ou superiores, os que teñan un rateo inferior puntuaranse proporcionalmente.

O aforro calcularase partindo da situación de consumo inicial e da situación de consumo final (despois do investimento).

B.3) Sistemas de verificación do aforro enerxético acadado pola medida: 15 %.

Outorgarase a puntuación de 5 puntos a aqueles proxectos que instalen sistemas de medición do consumo asociados á actuación subvencionada.

Outorgaranse 5 puntos adicionais naqueles proxectos en que os equipos de medida do consumo enerxético asociados á actuación subvencionada estean comunicados cun sistema central de procesamento avanzado de datos.

Outorgaranse 5 puntos adicionais naqueles proxectos en que no centro de traballo en que se realiza a actuación estea implantado un sistema de xestión enerxética certificado segundo a Norma UNE-EN ISO 50001.



Artigo 15. *Resolución e notificación*

1. Elaborada a relación prevista no artigo 13.3 destas bases, e sempre con anterioridade á resolución do procedemento, efectuarase o trámite de audiencia, por un prazo de 10 días. Cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados, prescindirase do trámite de audiencia.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de catro (4) meses, contados desde a data de finalización do período de presentación das solicitudes o no seu caso da súa emenda.

Se transcorrese o prazo sen que se ditase resolución expresa, os interesados poderán entender rexeitadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. No suposto de ampliación do crédito e ata o límite do crédito dispoñible, observarse o sinalado no artigo 33.7 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

4. Con carácter xeral, non se enviarán notificacións postais e, de conformidade co establecido no artigo 59.6.b) da indicada lei, no caso das resolucións de concesión da subvención, poderase substituír a notificación individual pola publicación no DOG e na páxina web do Inega. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada.

Coa publicación no DOG poderá remitirse aos beneficiarios a que consulten a información detallada da resolución a través do taboleiro electrónico dispoñible na aplicación informática habilitada para estas axudas, desde a páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)).

Na publicación que se faga no DOG e no taboleiro electrónico das axudas individuais concedidas ao abeiro desta convocatoria para a realización de auditorías enerxéticas e implantación de sistemas de xestión, incluírase unha referencia expresa ás disposicións pertinentes Regulamento (UE) núm. 651/2014, da Comisión, ao seu título e á data de publicación no *Diario Oficial de la Unión Europea* (DOUE).

CVE-DOG: csr8yht6-sds9-kcl7-ocj8-ibjkwmspg4p1



5. En todo caso, deberá notificarse a cada beneficiario cun documento que estableza as condicións da axuda para a operación, no cal deberán figurar, como mínimo, os seguintes aspectos:

– Que a axuda está cofinanciada co Feder no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, o que exige o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, e ao Regulamento (UE) nº. 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

– Os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse coa axuda.

– O plan financeiro e o calendario de execución.

– Indicación do método que debe aplicarse para determinar os custos da operación e as condicións para o pagamento da axuda.

– Que a aceptación da axuda implica a aceptación da inclusión dos beneficiarios na lista de operacións que se publicará co contido previsto no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

– Indicación das obrigas de información e publicidade que deberá cumprir nos termos previstos na sección 2.2 do anexo XII do Regulamento (UE) nº. 1303/2013, e que se especifican no artigo 18 destas bases.

– Obriga de manter un sistema separado de contabilidade ou un código de contabilidade suficiente para todas as transaccións relacionadas coa operación.

– Obriga de conservar a documentación xustificativa dos gastos durante un prazo de tres anos, ou dous anos no caso de operacións con gasto subvencionable igual ou superior a 1.000.000 de euros, a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos definitivos da operación concluída. Informarase o beneficiario da data de comezo dese prazo.

– Establecer as condicións detalladas para o intercambio electrónico de datos, de ser o caso.



**Artigo 16. Réxime de recursos**

As resolucións ditadas ao abeiro do procedemento previsto nestas bases porán fin á vía administrativa e contra elas caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os xulgados competentes segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. O prazo de interposición é de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, ou ben de seis (6) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Con carácter potestativo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Dirección do Instituto Enerxético de Galicia no prazo dun (1) mes, desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución ou de tres (3) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo o establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza o rexeitamento presunto do recurso de reposición interposto.

**Artigo 17. Modificación da resolución**

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos recollidos no proxecto inicial, o órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario; deberán cumprirse os requisitos previstos no punto seguinte.

3. O órgano competente para a concesión da subvención poderá autorizar a modificación da resolución por instancia do beneficiario respectando os seguintes requisitos:

a) Que a modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízos a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non suporían a denegación da axuda.



4. O beneficiario deberá solicitar, por medios electrónicos a través da aplicación informática, a modificación mediante instancia dirixida á Dirección do Inega xunto coa documentación presentada coa solicitude que se vexa afectada, cun límite de 20 días hábiles antes da data de finalización do prazo de xustificación do investimento.

5. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación do proxecto, que poderá ou non afectar os termos da resolución de concesión, será ditado pola Dirección do Inega logo da instrución do correspondente expediente no cal se lles dará audiencia aos interesados.

#### Artigo 18. *Aceptación e renuncia*

1. Transcorridos 10 días hábiles a partir do seguinte ao da notificación ou publicación da resolución sen que o interesado comunique expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta e, desde ese momento, adquirirá a condición de beneficiario.

2. No caso de que o beneficiario dunha subvención desexa renunciar á axuda concedida para a súa solicitude, deberá enviar un escrito, por medios electrónicos a través da aplicación informática, en que comunique este feito co fin de proceder ao arquivamento do expediente.

No caso de que se comunicase a renuncia, ditarase a correspondente resolución que se notificará ao interesado por medios electrónicos, de conformidade co procedemento establecido no artigo 12.2 destas bases reguladoras.

#### Artigo 19. *Obrigas dos beneficiarios*

Son obrigas dos beneficiarios, sen prexuízo das demais obrigas que figuran no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

b) Xustificar ante o Inega o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou gozo da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuase o Inega, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal



de Contas e o Consello de Contas, achegando tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Ademais, e posto que a convocatoria está dotada con fondos comunitarios, todo beneficiario someterase ás verificacións que levará a cabo a autoridade de xestión sobre a base do disposto nos números 4 e 5 do artigo 125 do Regulamento (CE) núm. 1303/2013, polo que se fixan as disposicións comúns relativas ao Feder, ao FSE e ao Fondo de Cohesión (DOUE L 347, do 20 de decembro), así como ás comprobacións pertinentes dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

d) Comunicar ao Inega a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e sempre con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Manter o investimento de que se trate para a finalidade e co carácter solicitado por un período mínimo de cinco anos unha vez rematado o proxecto, previsión que para o suposto de cofinanciamento con fondos comunitarios está recollida no artigo 71 do Regulamento (CE) núm. 1303/2013, polo que se fixan as disposicións Comúns relativas ao Feder, ao FSE e ao Fondo de Cohesión (DOUE L 347, do 20 de decembro) sobre a invariabilidade das operacións durante cinco anos desde o remate da operación, mantendo o investimento sen modificacións substanciais.

Nos contratos de servizos enerxéticos que teñan unha duración inferior a cinco anos terase que achegar un documento asinado polo propietario da instalación no cal asume o compromiso de manter o investimento hasta que se cumpra este período.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o exercicio adecuado das facultades de comprobación e control, así como facilitar a pista de auditoría.

g) Ao tratarse de subvencións cofinanciadas con fondos estruturais da Unión Europea, en relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no anexo XII, punto 2.2 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013, o beneficiario deberá recoñecer o apoio do Feder á operación amosando en todas as medidas de información e comunicación que



leve a cabo o emblema da Unión, así como unha referencia ao Feder que dá apoio á operación.

Ademais, durante a realización da operación o beneficiario deberá:

1º. Informar o público do apoio obtido do Feder durante a realización do proxecto facendo unha breve descrición no seu sitio de internet, de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados e destacando o apoio financeiro da Unión.

2º. Colocar, nun lugar ben visible para o público, por exemplo na entrada dun edificio, un cartel de tamaño mínimo A3, no cal se indicará o nome e o obxectivo principal da operación.

3º. Sen prexuízo do anterior, o beneficiario colocará nun lugar ben visible para o público un cartel ou placa permanente de tamaño significativo nun prazo de tres meses a partir da conclusión da operación que reúna as características seguintes:

- a) A contribución pública total á operación supere os 500.000 euros;
- b) A operación consista na compra dun obxecto físico, no financiamento dunha infraestrutura ou en traballos de construción.

Os carteis ou as placas indicarán o nome e o obxectivo principal da operación e elaboraranse de acordo coas características técnicas adoptadas pola Comisión no Regulamento de execución (UE) núm. 821/2014, da Comisión, do 28 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1303/2013.

O Inega facilitará modelos de carteis ou placas a través da súa web.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 20. *Subcontratación*

Permitirase que o beneficiario subcontrate con terceiros a execución total ou parcial da actuación que se subvenciona nos termos recollidos no artigo 27 e concordantes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



*Artigo 21. Prazo para a execución da instalación*

1. A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será o 15 de setembro de 2017. En todo caso e, como mínimo, deberá presentar antes do 1 de decembro de 2016 o proxecto técnico de execución asinado por un técnico competente ou un contrato no cal se detallen as actuacións proxectadas.

2. A documentación xustificativa do investimento realizado presentarase electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

*Artigo 22. Xustificación da subvención*

1. A documentación correspondente á xustificación do investimento realizado presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.es>) ou da páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)).

2. Tal e como dispón o artigo 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables nas xustificacións presentadas polos beneficiarios, porao no seu coñecemento e concederalle un prazo de dez (10) días para a súa corrección. Os requirimentos de emenda serán notificados tal e como se establece no artigo 12.2 destas bases reguladoras.

Igual requirimento se efectuará por parte do Inega no suposto de resultado negativo da consulta cos seguintes organismos: Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), Tesouraría Xeral da Seguridade Social e Consellería de Facenda, así como da verificación do DNI do solicitante (persoa física).

3. No suposto de que transcorrese o prazo establecido para a xustificación sen terse presentado ningunha documentación, requirirase igualmente o beneficiario para que no prazo improrrogable de dez (10) días hábiles a presente.



A presentación da xustificación no prazo adicional de dez (10) días non eximirá das sancións que conforme a lei correspondan.

Artigo 23. *Documentación xustificativa do investimento*

1. Para o cobramento da subvención concedida, o beneficiario deberá xustificar previamente o investimento que lle supuxo executar o proxecto ou a actuación subvencionada. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados na data límite de xustificación do proxecto.

2. Sempre que sexa obrigatorio, o beneficiario da axuda deberá contar coa autorización emitida pola consellería competente en materia de industria para a posta en servizo da instalación. No caso de que non se obtivese a autorización dentro do período de xustificación, deberá terse solicitado xunto coa restante documentación do procedemento que corresponda (certificado da instalación rexistrado ou, de ser o caso, copia da solicitude de rexistro onde figure o selo coa data de entrada e a memoria técnica da instalación).

O Inega comprobará a existencia da autorización ou da súa solicitude a través da xefatura territorial correspondente, non será preciso que o beneficiario achegue ningunha documentación.

A data da autorización, inscrición ou a súa solicitude deberá estar comprendida dentro do período de execución dos investimentos, é dicir, a partir do día en que se presente a solicitude de axuda e ata aquel en que remate o prazo de xustificación.

3. Achegaranse copias dixitalizadas dos seguintes documentos:

A. Documentación xenérica:

a) Conta xustificativa composta de:

1º. Xustificante do gasto, mediante presentación de facturas desagregadas por conceptos ou unidades de obra. Para os efectos da súa xustificación, as facturas que se paguen de xeito fraccionado deberán incluírse no expediente nunha única solicitude de pagamento.

Non se admitirán supostos de autofacturación (facturas emitidas polo propio beneficiario da subvención) e en relación coas empresas ou entidades vinculadas co beneficiario, a subcontratación estará limitada polo disposto no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xa-



neiro, e deben concorrer as dúas circunstancias previstas no artigo 27.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- Que se obteña a pertinente autorización por parte da Dirección do Inega.

2º. Considéranse documentos xustificativos do pagamento das facturas os seguintes:

- Xustificante bancario (transferencia bancaria, certificación bancaria), no cal conste o número da factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir co beneficiario da axuda, e a identificación do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

- Efectos mercantís que permitan o pagamento aprazado (cheque, nota promisorio, letra de cambio): achegarse copia do efecto mercantil acompañada da documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto, etc.), na cal conste claramente que o efecto foi efectivamente cargado na conta do beneficiario dentro do prazo de xustificación.

No caso de que non quede acreditado o concepto do gasto, deberá achegar, ademais, xustificante de recepción asinado e selado polo proveedor, no cal se especifique o número de factura pagada, o número e a data do cheque e o NIF e o nome da persoa receptora do cobramento.

Tanto no caso do cheque nominativo como da nota promisorio, para os efectos da data de pagamento, estimarase a data de cargo na conta do extracto bancario. En ningún caso se estimará como data de pagamento efectivo a entrega do cheque ao proveedor.

- Non se admitirán en ningún caso como xustificante os documentos acreditativos de pagamentos en metálico, nin os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou se non dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

A data dos xustificantes de gasto e do pagamento debe ser posterior á data de solicitude de axuda e terá como límite para a súa validez e admisión o último día do prazo de xustificación previsto no artigo 21.

No caso dunha factura cuxo pagamento se xustifique mediante varios documentos de pagamento, cada un destes deberá facer referencia á factura á cal se imputa o pagamento.



b) Sempre que o custo elixible sen IVE da actuación concreta que se subvenciona supoña un gasto para o beneficiario superior a 50.000 € (en concepto de execución de obra) ou a 18.000 € (cando se subministran bens ou se prestan servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica), o beneficiario deberá solicitar e achegar ao Inega como mínimo o contido de tres ofertas de distintos provedores. Non se aceptará como válido o certificado, informe ou documento similar no cal se indique que se cumpriu co dito trámite de solicitar as tres ofertas, pois o que debe achegarse é o orixinal ou copia compulsada do contido de cada unha das ofertas.

A elección dunha das ofertas fundamentarase sempre en criterios de aforro. Ademais, será necesario achegar como xustificación unha memoria cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Non será necesario presentar as tres ofertas se polas especiais características dos gastos que se subvencionan non existe no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, neste suposto, o beneficiario deberá prestar declaración expresa motivada en tal sentido.

c) Excepcionalmente, no caso de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio os certificados de que se atopa ao día das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, deberá achegar estas certificacións.

#### B. Documentación técnica:

##### B.1. Documentación xeral de todas as solicitudes presentadas:

a) Declaración expresa por parte do beneficiario de que o proxecto foi executado conforme o indicado na solicitude e na documentación inicial, que o proxecto se axusta á normativa vixente e se obtiveron todos os permisos e as autorizacións necesarias para a súa execución. Na páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)) estará dispoñible o modelo de declaración a que se refire esta epígrafe.

De existir modificacións no proxecto, deberase indicar no informe técnico da actuación realizada e achegar a documentación técnica presentada coa solicitude que se vexa afectada polas modificacións.



b) Informe técnico da actuación realizada, segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)).

B.2. Documentación específica das solicitudes de axuda para auditorías enerxéticas:

– Copia da auditoría en formato dixital.

– Documento titulado «Formulario de resultados da auditoría enerxética», dispoñible na páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)) en formato dixital editable (.xls).

B.3. Documentación específica das solicitudes de axuda para proxectos de mobilidade alternativa:

– Fotografías dos novos vehículos en que se observe a súa matrícula.

– No caso de novos vehículos, xustificante da baixa do/s vehículo/s substituídos e de que foi/foron destinado/s ao despezamento e achatarramento.

– No caso de transformacións de vehículos, xustificante de homologación da reforma do vehículo segundo o indicado no *Manual de reformas de vehículos*.

– Documento acreditativo da homologación da reforma emitido pola ITV tras a súa legalización.

B.4. Documentación específica das solicitudes de axuda para proxectos de implantación de sistemas de xestión:

– Copia do certificado emitido durante o período de xustificación conforme a Norma ISO 50.001 por entidade acreditada. No caso de non terse completado a obtención do certificado, deberá xustificarse o inicio do proceso de certificación achegando contrato asinado cunha entidade acreditada. Ademais, en todo caso, deberá entregarse copia dos documentos resultantes dos traballos realizados.

– Nos casos en que proceda deberase entregar a auditoría enerxética realizada.

– Nos casos en que proceda deberase entregar unha relación dos equipos de medida instalados e comunicados a un equipo central e a súa funcionalidade.



– Nos casos en que proceda deberase entregar unha descrición do sistema de procesamento avanzado de datos no cal se inclúa unha relación das variables controladas, da súa procedencia e das prestacións ofertadas polo sistema de procesamento.

B.5. Documentación específica das solicitudes de axuda para proxectos de aforro e eficiencia enerxética.

– Fotografías dos equipamentos principais instalados no lugar (realizadas desde os mesmos puntos que as fotografías presentadas na solicitude).

Con carácter xeral, a documentación presentada permitirá ao Inega medir o indicador de produtividade asociado a estas bases reguladoras, que é a redución do consumo de enerxía final nas infraestruturas públicas ou empresas (ktep/ano).

4. A falta de xustificación ou a xustificación insuficiente, así como a presentación da documentación xustificativa máis alá da data e do prazo que figuran no artigo 21, comportará, en función do suposto de que se trate, a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas pola Lei de subvencións de Galicia.

#### Artigo 24. *Pagamento das axudas*

1. O beneficiario da axuda poderá solicitar un anticipo unha vez notificada a resolución de concesión e coa data límite do 1 de decembro de 2016.

2. Os solicitantes das axudas poderán solicitar un anticipo de ata o 50 % do importe da subvención concedida naqueles supostos en que o investimento exixa pagamentos inmediatos e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A solicitude de anticipo será obxecto de resolución motivada por parte do órgano concedente da subvención.

3. O importe conxunto dos pagamentos á conta (que deberán xustificarse incluíndo un certificado do director de obra) e dos pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedesen, non poderá ser superior ao 80 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

4. Será exixible aos beneficiarios das axudas a constitución de garantía nos supostos e nas condicións previstos nos artigos 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



A presentación da garantía realizarase ante o órgano concédente no prazo de quince (15) días a partir da notificación da resolución de concesión. Este prazo poderá ser ampliado cando concorran circunstancias que dificulten a súa formalización.

5. Cando se prevea a posibilidade de realizar anticipos e pagamentos á conta, quedan exonerados de constituír garantía os beneficiarios previstos no artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, entre os cales figuran os beneficiarios das subvencións concedidas das cales os pagamentos non superen os 18.000 €. No caso de pagamentos anticipados e/ou pagamentos á conta, o importe anterior enténdese referido á cantidade acumulada dos pagamentos realizados.

6. Os órganos competentes do Inega poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. Transcorrido o prazo concedido para o efecto sen que o beneficiario os presentase, poderase entender que renuncia á subvención.

7. Previamente á proposta de pagamento, os servizos técnicos do Inega poderán realizar unha inspección de comprobación material na cal certifiquen que se realizou o investimento que foi obxecto da axuda e que tal investimento coincide co previsto na resolución de concesión.

8. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente do proxecto, a contía da subvención poderá reducirse proporcionalmente se debido á redución do investimento se superan as porcentaxes máximas de subvención.

#### Artigo 25. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorízanse as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Concesión de subvencións», cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Xerencia. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Xerencia, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, Santiago de Compostela (A Coruña), ou a través dun correo electrónico a [inega.info@xunta.gal](mailto:inega.info@xunta.gal)



A cesión de datos de carácter persoal que se debe efectuar á Intervención Xeral da Administración do Estado, que é o órgano responsable da administración e custodia da Base de datos nacional de subvencións, non requirirá o consentimento do afectado.

Así mesmo, os datos serán incluídos no ficheiro denominado «Xestión, seguimento e control de proxectos e fondos europeos», creado pola Orde do 31 de marzo de 2016 (DOG núm. 68, do 11 de abril), cuxo obxecto, entre outras finalidades, é a xestión, o seguimento, o control, a coordinación e o estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea. O órgano responsable deste ficheiro é Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, mediante unha comunicación ao seguinte enderezo: Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 de Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [dxfondos@conselleriadefacenda.gal](mailto:dxfondos@conselleriadefacenda.gal)

#### Artigo 26. *Xestión informática das axudas*

Os beneficiarios poderán visualizar na aplicación informática, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.es>) ou da páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)), o estado das súas solicitudes á medida que avanza a tramitación administrativa do expediente.

#### Artigo 27. *Perda do dereito á subvención e reintegro das axudas*

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución de concesión ou no documento en que se establecen as condicións da axuda, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar a devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### 3. Incumprimento dos proxectos:

a) Incumprimento total. Se o beneficiario xustifica conceptos, partidas e/ou elementos subvencionables aprobados que representen menos do 60 % do importe total do investi-



mento subvencionable, entenderase que non acadou os obxectivos propostos na solicitude e, polo tanto, perderá o dereito de cobramento da subvención.

b) Incumprimento parcial. Sempre que se cumpran os requisitos ou as condicións esenciais tomadas en conta na concesión das axudas, e a xustificación sexa igual ou superior ao 60 %, poderá apreciarse un incumprimento parcial e deberase resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida na resolución de concesión. Sen prexuízo doutros supostos que poidan concorrer, teranse en conta os seguintes criterios de graduación:

– No caso de condicións referentes á contía ou ao concepto da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de efectuar ou aplicado a un concepto distinto do considerado subvencionable, e deberase, se é o caso, reintegrar as cantidades percibidas na dita proporción.

– Suporá a perda dun 2 % da subvención concedida non manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adaptado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os conceptos financiados con fondos Feder.

– Suporá a perda dun 2 % da subvención concedida non dar publicidade ao financiamento do proxecto de acordo co establecido nestas bases.

– Suporá a perda dun 5 % non comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo concepto subvencionable, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, unha vez recalculada a subvención e descontado o exceso obtido sobre os topes máximos legalmente establecidos.

#### Artigo 28. *Réxime de sancións*

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases aplicaráselles o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 29. *Fiscalización e control*

Os beneficiarios destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice o Inega para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que



correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, ás da autoridade de xestión e dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e ás verificacións do artigo 125 do Regulamento (CE) núm. 1303/2013, polo que se fixan as disposicións comúns relativas ao Feder, ao FSE e ao Fondo de Cohesión (DOUE L 347, do 20 de decembro), que xa foron mencionadas na letra C) do artigo 19 destas bases.

#### Artigo 30. *Comprobación de subvencións*

1. O órgano competente para conceder a subvención comprobará a xustificación adecuada da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gastos será de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos das operacións, tal e como se define no artigo 140 do Regulamento (CE) núm. 1303/2013, polo que se fixan as disposicións comúns relativas ao Feder, ao FSE e ao Fondo de Cohesión (DOUE L 347, do 20 de decembro).

2. Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento e quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da Administración como polo beneficiario.

#### Artigo 31. *Publicidade*

1. No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións, publicarase no DOG a relación de subvencións concedidas, con indicación da norma reguladora, do beneficiario, crédito orzamentario, da contía e finalidade da subvención.

2. Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no DOG, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web do Inega.



Artigo 32. *Remisión normativa*

1. Na medida en que as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras están previstas pola UE, rexeranse, entre outras, polas seguintes normas:

a) Regulamento (UE) núm. 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L 352, do 24 de decembro).

b) Regulamento (UE) núm. 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352/9, do 24 de decembro).

c) Regulamento (UE) núm. 717/2014 da Comisión, do 27 de xullo, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190/45, do 28 de xuño).

d) Regulamento (UE) núm. 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE L 187, do 26 de xuño).

e) Regulamento (UE) núm. 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca e se derroga o Regulamento (CE) no 1083/2006 do Consello, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

f) Regulamento (UE) núm. 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1080/2006.

2. Así mesmo, rexeranse pola normativa aplicable ás axudas e subvencións na Comunidade Autónoma, en particular a seguinte:

a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

d) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2016

Ángel Bernardo Tahoces  
Director do Instituto Enerxético de Galicia

CVE-DOG: csr8yht6-sds9-kcl7-ocj8-ibjkwmspg4p1





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

## ANEXO I

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |           |                                                |                    |                                       |        |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|------------------------------------------------|--------------------|---------------------------------------|--------|
| <b>PROCEDIMENTO</b><br><b>SUBVENCIÓNS PARA AUDITORÍAS ENERXÉTICAS, IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE XESTIÓN, MOBILIDADE ALTERNATIVA E PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS EMPRESAS DO SECTOR INDUSTRIA E SERVIZOS</b>                                                                                                                                                                               |           | <b>CÓDIGO DO PROCEDIMENTO</b><br><b>IN417Y</b> |                    | <b>DOCUMENTO</b><br><b>SOLICITUDE</b> |        |
| <b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |           |                                                |                    |                                       |        |
| NOME/RAZÓN SOCIAL                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |           | PRIMEIRO APELIDO                               |                    | SEGUNDO APELIDO                       |        |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |           |                                                |                    |                                       |        |
| TIPO DE VÍA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |           | NOME DA VÍA                                    |                    | NÚMERO                                | BLOQUE |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |           |                                                |                    |                                       |        |
| CP                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | PROVINCIA | CONCELLO                                       |                    | LOCALIDADE                            |        |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |           |                                                |                    |                                       |        |
| TELÉFONO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |           | FAX                                            | TELÉFONO MÓBIL     | CORREO ELECTRÓNICO                    |        |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |           |                                                |                    |                                       |        |
| <b>TIPO DE SOLICITANTE</b><br><input type="radio"/> Empresa <input type="radio"/> Autónomo/a <input type="radio"/> Empresa de servizos enerxéticos                                                                                                                                                                                                                                                         |           |                                                |                    |                                       |        |
| <b>CATEGORÍA EMPRESA</b><br><input type="radio"/> Pequena empresa <input type="radio"/> Mediana empresa <input type="radio"/> Grande empresa                                                                                                                                                                                                                                                               |           |                                                |                    |                                       |        |
| SECTOR EMPRESARIAL (INDUSTRIAL OU SERVIZOS)                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |           |                                                |                    | CNAE                                  |        |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |           |                                                |                    |                                       |        |
| <b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)                                                                                                                                                                                                                                                                                       |           |                                                |                    |                                       |        |
| NOME                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |           | PRIMEIRO APELIDO                               |                    | SEGUNDO APELIDO                       |        |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |           |                                                |                    |                                       |        |
| TIPO DE VÍA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |           | NOME DA VÍA                                    |                    | NÚMERO                                | BLOQUE |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |           |                                                |                    |                                       |        |
| CP                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | PROVINCIA | CONCELLO                                       |                    | LOCALIDADE                            |        |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |           |                                                |                    |                                       |        |
| TELÉFONO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |           | FAX                                            | CORREO ELECTRÓNICO |                                       |        |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |           |                                                |                    |                                       |        |
| <b>DATOS BANCARIOS</b><br>Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.                                                                                                                                                                                                                                                                 |           |                                                |                    |                                       |        |
| TITULAR DA CONTA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |           |                                                |                    | NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) |        |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |           |                                                |                    | IBAN                                  |        |
| <b>DATOS DO PROXECTO</b><br><b>TIPOLOXÍA DO PROXECTO</b><br><input type="radio"/> Auditoría enerxética<br><input type="radio"/> Mobilidade alternativa<br><input type="radio"/> Implantación de sistemas de xestión<br><input type="radio"/> Proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector industria e ESE<br><input type="radio"/> Proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector servizos |           |                                                |                    |                                       |        |
| NOME DO PROXECTO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |           |                                                |                    |                                       |        |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |           |                                                |                    |                                       |        |
| TIPO DE VÍA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |           | NOME DA VÍA                                    |                    | NÚMERO                                | BLOQUE |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |           |                                                |                    |                                       |        |
| CP                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | PROVINCIA | CONCELLO                                       |                    | LOCALIDADE                            |        |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |           |                                                |                    |                                       |        |
| TELÉFONO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |           | FAX                                            | CORREO ELECTRÓNICO |                                       |        |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |           |                                                |                    |                                       |        |
| REFERENCIA CATASTRAL ONDE SE SÍTUA A INSTALACIÓN                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |           |                                                |                    |                                       |        |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |           |                                                |                    |                                       |        |





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO I**  
(continuación)

**DATOS PARA O CASO DE AUDITORÍAS ENERXÉTICAS E IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE XESTIÓN**

**DESAGREGACIÓN DO ORZAMENTO**

| DESCRICIÓN<br>(auditoría enerxética, gastos de certificación do sistema de xestión...) | UNIDADES | PREZO UNITARIO (€)<br>(sen IVE) | PREZO TOTAL (€)<br>(sen IVE) |
|----------------------------------------------------------------------------------------|----------|---------------------------------|------------------------------|
|                                                                                        |          |                                 |                              |
|                                                                                        |          |                                 |                              |
|                                                                                        |          |                                 |                              |
|                                                                                        |          |                                 |                              |
| TOTAL (€) (sen IVE):                                                                   |          |                                 |                              |

EXECUCIÓN ORZAMENTARIA ESTIMADA PARA O ANO 2016 (€)

EXECUCIÓN ORZAMENTARIA ESTIMADA PARA O ANO 2017 (€)

ESTÁ PREVISTO SOLICITAR ANTICIPO DE AXUDA CONFORME O ESTABLECIDO NO ARTIGO 24 DAS BASES?

☐ SI ☐ NON

**ALCANCE DA AUDITORÍA** (só no caso de auditorías)

|                                                                                               |                                                    |
